



XUNTA DE GALICIA

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE A CAÑIZA PARA A HUMANIZACIÓN DAS RÚAS CARBALLEIRA E PROGRESO

Santiago de Compostela, a 11 de abril de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, a Sra. D^a. Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, Alcalde-Presidente do Concello de A Cañiza, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 1/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.


Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

I.- O Concello de A Cañiza trata de promover unha actuación consistente na “Humanización das Rúas Carballeira e Progreso”.

As actuacións a levar a cabo para a execución da obra, serán as seguintes:

- Construción de beirarrúas no ámbito das rúas Carballeira e Progreso
- Sinalización: marcas viarias en sinalización horizontal e elementos de sinalización vertical de tráfico para regular a incorporación do viario proxectado á estrada principal e a regulación de velocidade.
- Demolición de muro na rúa Carballeira con recuperación de materiais e construción de muro para deslindar a senda peonil existente cos terreos estremeiros.





XUNTA DE GALICIA

galicia

II.- A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2018 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación. A competencia para o desenvolvemento destas actuacións, está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería *“A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial”*.

III.- Polo exposto, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no exercicio das súas competencias, e o concello de A Cañiza, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, para abordar a execución das obras citadas, a través dun convenio que se estrutura nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de A Cañiza, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“Humanización das Rúas Carballeira e Progreso”**.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de A Cañiza comprométese a:

I.- Poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular das mesmas.



XUNTA DE GALICIA

galicia

2.- Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción dos documentos técnicos que definan as obras a executar. Prestarlle a aprobación aos indicados documentos nun prazo máximo de 15 días, contados dende a data de requirimento, así como á remisión de todos aqueles informes que resulten precisos para a licitación e contratación das obras. Noutro caso, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos no presente acordo, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

3.- Asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a explotación e conservación das mesmas.

4.- Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar ao órgano de contratación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os compromisos a que fan referencia os apartados 1, 2 e 3 anteriores.

5.- O concello, como trámite previo á licitación das obras, aportará a oportuna certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos, nos termos do apartado 1 precedente.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, asume os seguintes compromisos:

1.- Financiar a execución das obras segundo as prescricións do proxecto, destinando para isto, con cargo á aplicación 07.04.521A 607.1, **vinte e cinco mil novecentos trinta e catro mil euros con setenta céntimos (25.934,65 €)**, na anualidade de 2018.

2.- Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade da Consellería de Medio



XUNTA DE GALICIA

galicia

Ambiente e Ordenación do Territorio, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello de A Cañiza para a súa incorporación ao servizo e uso público.

3.- Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, esta poñerá en coñecemento do concello de A Cañiza, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda 3) precedente, sen prexuízo da posterior formalización da correspondente acta de entrega.

CUARTA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.



QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o impulso e seguimento das accións establecidas no presente convenio, créase unha Comisión, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente acordo. Formarán parte pola consellería, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a persoa titular do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos; o concello estará representado polo Alcalde ou persoa en quen delegue e o concelleiro responsable de obras e/ou infraestruturas.

SEXTA.- INTERPRETACIÓN E NATUREZA

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, poñendo así fin á vía administrativa.

2.- O presente convenio ten natureza administrativa e tramítase ao abeiro do Decreto 246/1992 do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público. A xurisdición contencioso-administrativa será





XUNTA DE GALICIA

galicia

competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións, aplicándose os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse (artigo 4).

SETIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do convenio:

- a) O cumprimento do seu obxecto
- b) O incumprimento de calquera das cláusulas.
- c) A inviabilidade da realización das actuacións descritas no mesmo por causas non imputables ás partes.
- d) O incumprimento de carácter temporal ou parcial de calquera das cláusulas do mesmo. Entenderase por incumprimento parcial, aquel que implique en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto o desenvolvemento das actuacións previstas.
- e) A denuncia, por calquera das partes, por razóns de interese público.

OITAVA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

NOVENA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio esténdese dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo da autonomía da vontade das partes asinantes para efectuar addendas ao mesmo, aos efectos de, no seu caso, adaptar a súa duración ao ritmo de execución das obras correspondentes, así como á realización dos compromisos do Concello contemplados na cláusula segunda. Non obstante manterase ata a entrega das obras ao concello de A Cañiza nos termos establecidos na cláusula terceira. Así mesmo, seguirá producindo efectos en tanto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.



XUNTA DE GALICIA

galicia

E en proba de conformidade asinan o presente documento por triplicado exemplar no lugar e data do encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA
A Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación
do Territorio

Beatriz Mato Otero



POLO CONCELLO DE A CAÑIZA
O Alcalde

Miguel Adolfo Domínguez Alfonso

